

## Sesión música infantil do 14 ao 17 de abril

1º Audición do Carnaval dos animais de Camille Saint-Saëns (conto ilustrado no que se inclúen partes da obra) <https://www.youtube.com/watch?v=8zlhK0OV4n4>

-Coñecías esta canción? gustouche? por que si/non?

-Que animais aparecían? **León, Elefante, Canguros, Galiñas e paxaros.** Imítaos.

-Que instrumentos soan? Non profundizamos nisto, simplemente os que se lembren.

**Fruita, Clarinete, Piano, Violín, Viola, Violonchelo e Contrabaixo.**


2º Somos animais do Carnaval dos animais.

-Reproducimos de novo o conto e as nenas ou nenos teñen que moverse seguindo a música e imitando ao animal que corresponda cada fragmento musical. Podemos traballar tamén o son/silencio, se paramos a música eles quedan quietos ata que volve a soar.

3º Xogamos coa intensidade!!!

-Collemos algún obxecto da casa que poidamos golpear sen medo a rompelo, e algo que nos sirva de baqueta (culler de madeira, paus, etc).

-Reproducimos os seguintes ritmos de intensidade (Círculo grande-golpe forte; Círculo pequeno-golpe suave). Primeiro por separado e logo do 1 ao 4 sen parar.



-Tamén poderíamos recortar círculos ou cadrados de 2 tamaños diferentes (que se note moito a diferenza) e que elas ou eles compoñan ritmos de intensidade e os toquen.

#### 4º Cantamos as notas da escala musical

-Escoitamos e aprendemos (pouco a pouco) a seguinte canción das notas musicais.

<https://www.youtube.com/watch?v=Fqge0N--Q9Q>

#### 5º Grave e agudo

\_\_\_\_\_ -Collemos un obxecto metálico e outro de cartón (ou plástico). A nena ou o neno experimenta con el e observa os sons que produce.

-Logo disto, se o adulto toca o obxecto metálico o neno ten que poñerse de pé, e se toca o obxecto de cartón ou plástico o neno ten que agacharse. Primeiro podémolo facer diante da neno, e logo facémolo sen que a nena poida ver que obxecto estamos golpeando.

#### 6º Pintamos o carnaval dos animais

-Escollemos un (ou varios) dos seguintes animais do carnaval dos animais e debuxámolo mentres soa a música. Como son cancións curtas, repetímolas ata que o debuxo estea rematado.

**León** [https://www.youtube.com/watch?v=vw9\\_aLUqLaU](https://www.youtube.com/watch?v=vw9_aLUqLaU)

**Elefante** <https://www.youtube.com/watch?v=h5UNpU8HHtU>

**Canguros** <https://www.youtube.com/watch?v=dge01FAo0Dc>

**Galiñas** <https://www.youtube.com/watch?v=o9AUV97XJWI>

**Paxaros** <https://www.youtube.com/watch?v=yQ-vnExjvDE>

#### **7º RETO DESTA SEMANA!!**

-Como estamos na semana da arte convidovos a bailar e a cantar coa canción Yo soy una artista de Mamá Cabra [https://www.youtube.com/watch?v=CczS78c5\\_Wk](https://www.youtube.com/watch?v=CczS78c5_Wk)

**-E POR SUPOSTO ANÍMOVOS A QUE PARTICIPEDES DA ACTIVIDADE DERRUBANDO XANELAS, ANIMÁDEVOS!!!**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/node/2115>